

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CATORCE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

Valdoviño, 14 de xaneiro de 2021. Hora: 20:32

Lugar: Edificio Casa da Cultura de Valdoviño

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria de carácter mensual, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Alberto González Fernández

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Alejandro Antonio García Sousa

Ana Belén Pérez Fernández

Germán Gómez Senra

Mº Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Disculpa a inasistencia o concelleiro Carlos Alberto Ameneiros Serantes (BNG).

Asistidos da secretaria Carlota González Navarro (videoconferencia) e do interventor Manuel Larrosa Rodríguez.

Utilización do sistema de videoconferencia e celebración da sesión no edificio Casa Cultura por razóns de Covid-19 i en especial para salvagardar as medidas de seguridade en canto a distancia establecidas de acordo cos decretos 178/20 e 179/20 da Presidencia da Xunta de Galicia e na Orde de 4.11.20 da Consellería de Sanidade.

Abre a sesión o Presidente, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos:

**I) PARTE DISPOSITIVA**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN: 03.12.20 (ORDINARIA).-**

Por votación ordinaria e unanimidade dos presentes, o borrador da acta mencionado quedou aprobado.

**2º.- APROBACIÓN DA INCORPORACIÓN DAS RÚAS DO CASCO URBANO DE VALDOVIÑO E OS SEUS NÚMEROS AO SISTEMA INTEGRADO DE NUMERACIÓN DE VALDOVIÑO.-**

*/Proposta ditaminada favorable en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de data 8.01.21/*

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

“O artigo 75 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial incluído dentro do capítulo relativo á comprobación e control de padrón municipal, dispón que:

*“Los Ayuntamientos mantendrán actualizadas la nomenclatura y rotulación de las vías públicas y la numeración de los edificios, informando de ello a todas las administraciones Públicas interesadas. Deberán mantener también la correspondiente cartografía o, en su defecto, referencia precisa de las direcciones postales”*

Con elo tómase en conta a importancia que ten para o padrón de veciños e por ende para a formación do censo electoral, ademais da seguridade e axilidade na localización de inmobles do término municipal, o que serve para múltiples actos da vida cidadá (prestación de servicios , tráfico xurídico de inmobles,etc.,).

Vista a lexislación aplicable:

-Artigo 75 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo

-A Resolución de 29 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución de 17 de de febreiro de 2020, da Presidencia do Instituto Nacional de Estadística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos Concellos sobre a xestión do Padrón municipal.

CONSIDERANDO que corresponde ao Pleno do Concello acordar a numeración e denominación da vía pública de conformidade co artigo 22.2.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Visto que o Pleno da Corporación en sesión plenaria de 6 de febreiro de 2020 aprobou a denominación das rúas do casco urbano de Valdoviño e que en sesión plenaria de 3 de setembro de 2020 aprobouse inicialmente a numeración de entidades singulares de poboación de Valdoviño; téndose detectado a omisión da numeración do casco urbano de Valdoviño, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación:

1º.- Aprobar inicialmente a incorporación da numeración das rúas de dito casco urbano no proceso de integración da numeración de todo o término municipal.

2º.-Someter o acordo a exposición pública por prazo de 20 días no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos municipal e sede electrónica do Concello: [www.concellodevaldovino.com](http://www.concellodevaldovino.com); para que os interesados poidan presentar as reclamacións ou alegacións que estimen convintes.

No caso de que non se presenten reclamacións elevarase a definitivo sen necesidade de novo acordo plenario.

Valdoviño,  
O Alcalde Alberto González Fernández.  
Asinado dixitalmente.”

**O Pleno da Corporación, mediante votación ordinaria e por unanimidade dos presentes (12 votos), aprobou a anterior proposta de Alcaldía.**

**3º.- LICITACIÓN SERVIZOS MANTEMENTO ALUMEADO PÚBLICO E DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS E OUTROS TRABALLOS ELÉCTRICOS MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO HARMONIZADO.-**

*/Proposta ditaminada favorable en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de data 8.01.21/*

**“PROPOSTA DE ACORDO**

En relación co expediente relativo á contratación por procedemento aberto harmonizado do SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DO ALUMEADO PÚBLICO E DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, PROPOÑO a adopción do seguinte acordo con base aos seguintes,

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** Características do contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de contrato: SERVICIOS

Obxecto do contrato: SERVICIO DE MANTEMENTO INTEGRAL DO ALUMEADO PÚBLICO E DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO Procedemento de contratación: aberto-harmonizado.

Tipo de Tramitación: Ordinaria

Código CPV: 50232100-1, NUTS: ES112

Valor estimado do contrato: 536.865,24 €.

Orzamento base de licitación IVE excluído: IVE%: 295.791,08 €.

Orzamento base de licitación IVE incluído: 357.810.16 € .

Duración da execución: catro (4) anos Duración máxima: Seis (6) anos.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

- Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 158 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).
- Os artigos 4 a 6, 18 a 24, 27 e 48 a 64 da Directiva 2014/24/UE, do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014, sobre Contratación Pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE (en diante Directiva de Contratación).
- O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Artigos vixentes tras a entrada en • A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión (RD 842/2002) e Guía Técnica de Aplicación
- RD 1890/2008, 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeados exterior e as súas Instrucións técnicas complementarias EA-01 a EA-07
- Normas particulares para as instalacións de enlace subministro de enerxía eléctrica en baixa tensión (Resolución do 30 de xullo de 1987 da Dirección Xeral de Industria e Comercio)
- RD 1627/1997, 24 de outubro polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción
- RD 614/2001, 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores/as fronte ao risco eléctrico
- Regulamento de verificacións eléctricas e regularidade do subministro de enerxía eléctrica
- Directiva 2002/95/CE sobre restricións á utilización de determinadas substancias perigosas en aparellos eléctricos e electrónicos
- Directivas 89/336/CEE e 92/31/CEE de compatibilidade electromagnética
- RD 444/1994 e RD 1950/1995 sobre os procedementos de avaliación da conformidade e dos requisitos de protección relativos á compatibilidade electromagnética dos equipos, sistemas e instalacións
- Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos
- Directiva 2002/96/CE sobre residuos eléctricos e electrónicos
- Directiva sobre restricións de substancias perigosas
- RD 208/2005, de 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos

- RD 314/2006 de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación
- RD 1826/2009, de 27 de novembro, polo que se modifica o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado por RD 1027/2007, de 20 de xullo.

Visto canto antecede, e os informes obrantes no expediente, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno do Concello de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Por iso, de conformidade, eleváse seguinte proposta de resolución:

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de contratación, mediante Procedemento Aberto suxeito a Regulación Harmonizada para o servizo de mantemento integral do alumeadado público e das instalacións eléctricas municipais do Concello de Valdoviño.

**SEGUNDO.** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

**TERCEIRO.** Aprobar o gasto correspondente e o compromiso de presupostar nos sucesivos exercizos a cantidades necesarias derivadas do contrato.

**CUARTO.** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público .

**QUINTO.** Publicar o anuncio de licitación no «Diario Oficial da Unión Europea», deixando constancia no expediente da data de envío do anuncio de licitación.

**SEXTO.** Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas .

Valdoviño, a 23 de novembro de 2020  
O Alcalde,”

**O Pleno da Corporación, mediante votación ordinaria e por unanimidade dos presentes (12 votos), aprobou a anterior proposta de Alcaldía.**

#### **4º.- ASIGNACIÓN E RECOÑECIMIENTO DE ADICACIÓN EXCLUSIVA Á ALCALDÍA.-**

*/Proposta ditaminada favorable en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de data 8.01.21/*

**PROPOSTA DA ALCALDÍA:**

### **Designación membro-alcaldía Corporación con adicación exclusiva.**

De conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local segundo redacción dada pola Lei 14/2000, de 29 de decembro, de Medidas Fiscales, Administrativas e do Orden Social, Disposición Adicional nonaxésima da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do estado para o ano 2014, 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo cal aprobase o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 225 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Vista a Carta Europea da Autonomía Local, feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985 e ratificada por España o 20 de xaneiro de 1988 (BOE núm. 47, de 24 de febreiro de 1989). A Carta constitúe un verdadeiro Convenio internacional, vixente en España desde o día 1 de marzo de 1989, e polo tanto o seu contido constituí un elemento interpretativo esencial daquel dereito, na medida en que incida no mesmo. Concretamente, o art. 7 da Carta declara o seguinte:

«7. Condiciones del ejercicio de responsabilidades en el ámbito local.-- 1. El Estatuto de los representantes locales debe asegurar el libre ejercicio de su mandato.  
2. Debe permitirse la compensación financiera adecuada a los gastos causados con motivo del ejercicio de su mandato, así como si llega el caso, la compensación financiera de los beneficios perdidos o una remuneración del trabajo desempeñado y la cobertura social correspondiente.  
3. Las funciones y actividades incompatibles con el mandato del representante local no pueden ser fijadas más que por Ley o por principios jurídicos fundamentales.»

### **PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUÍNTE ACORDO**

**PRIMEIRO.** Determinar que os cargos de delegacións que se dirán e que así o requiren polo seu volume, responsabilidade e adicación realicen as súas funcións en réxime de adicación exclusiva total, debendo ter unha presenza efectiva mínima no Concello de 37,50 horas semanais polos seguintes motivos:

- Volume de traballo.
  - Responsabilidade.
  - Necesidade de atención prioritaria
1. Alcaldía-Presidencia : Don Alberto González Fernández.

**SEGUNDO.** Establecer a favor do membro da Corporación que desempeñe o seu cargo en réxime de adicación exclusiva as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e a dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlle de alta no réxime xeral da Seguridade Social; esta corporación deberá asumir o pagamento das cotas empresariais que corresponda.

— Alcaldía-Presidencia : 49.273,11 €.

**TERCEIRO.** O presente acordo terá efectos dende o 15 de xaneiro de 2021.

**CUARTO.** Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia o acordo do Pleno, para os efectos do seu xeral coñecemento.

**QUINTO.** Notificarlle o dito acordo ao interesado e ao Servizo de Persoal e Intervención para o seu coñecemento e para os efectos oportunos».

Valdoviño, a 30 de decembro de 2020

O Alcalde, Asdo.

Alberto González Fernández”

**O Pleno da Corporación en votación ordinaria e por maioría dos presentes (9 votos a favor do grupo PsdeG-PSOE e 3 abstencións (dos grupos PP -2- e CENVAL -(1-), aprobou a asignación e recoñecemento de adicación exclusiva á alcaldía.**

## **II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO**

### **5.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE NOVIEMBRE DE 2020.-**

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. lexislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de novembro de 2020, que comprenden do número 422 ao 501 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

### **Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento das resolucións de Alcaldía.**

Aberto turno intervencións a Sra. Veiga Doce di que lle chamou a atención o elevado número de sancións que hai por resolución ao que resposta o Sr. alcalde que son expedientes correspondentes a incumprimentos polas medidas do Covid.

### **6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Aberto turno de intervencións, comeza a Sra. Veiga Doce insistindo na utilidade de medidores de CO2 para o colexio; ao que resposta o Sr. alcalde que estase mirando e plantexa moitas dúbidas.

Seguidamente toma a palabra a Sra. Garcia López expoñendo que hai un protocolo para as actividades escolares, que incide na ventilación nos cambios entre clases.

Despois a Sra. Veiga Doce pregunta polo estado da obra do campo de fútbol de Mourente, ao que resposta o Sr. Alcalde que entrou hoxe un informe do director de obra detallando as deficiencias da obra executada e estase nesa fase.

A Sra. Veiga Doce pregunta se nas licitacións de contratacións habería forma de axudar ou primar as empresas locais; así coma tamén pregunta coma vai a proposta do POS+2021. Toma a palabra o sr. alcalde expoñendo que nos pregos, na medida do posible procurase avaliar requisitos coma a proximidade de resposta da empresa ás necesidades do contrato. En relación ao POS+2021 van dous proxectos principais que o ano pasado ian coma obra complementaria e dous de mantemento de pistas en Meirás.; así como saneamento e sumidoiro.

A Sra. Veiga Doce en relación co aparcamento superior do Centro de Saúde, pregunta se hai medidas de seguridade para os vehículos, ao que resposta o sr. alcalde que xa están adoptadas dende o 2015.

O Sr. Vega Fernandez amplia a resposta matizando que no aparcadoiro inferior quitaronse contenedores e obxectos que estaban molestando.

Toma a palabra o Sr. Bouzamayor Casas preguntando polos beneficios que implica ter acadado os 7.000 habitantes, ao que resposta o sr. alcalde que ten un dobre efecto, o primeiro de autoestima posto que estamos a alza cando o resto dos concellos están cun saldo vexetativo negativo e doutro lado por canto supón de incremento na participación dos tributos do Estado.

O Sr. Bouzamayor Casas seguidamente di que hai varios aparcadoiros cedidos ao Concello e pregunta se hai intención de mercar algúns; ao que resposta o Sr. alcalde que non, posto que é unha cuestión que está ligada ao desenrolo do planeamento urbanístico.

Finalmente intervén a Sra. Testa Ameneiros preguntando polas gratificacións concedidas nos meses da pandemia; ao que resposta o sr. alcalde que efectivamente foron concedidas pola dedicación e traballos efectuados en etapa de pandemia.

Sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, a sesión queda levantada polo Alcalde-Presidente; e estendese a presente acta que como Secretaria, CERTIFICO.

*Documento asinado dixital pola secretaria municipal e polo alcalde*